

ACTA FINAL DA SESIÓN CELEBRADA POLO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO DE SELECCIÓN DUN EMPREGO DE CARÁCTER LABORAL TEMPORAL DE AXUDANTE DE ANIMADOR CULTURAL, DEPORTIVO E SOCIAL PARA A COLABORACIÓN NO SERVIZO DE CULTURA, DEPORTE E SERVIZOS SOCIAIS PARA O CONCELLO DE MONDOÑEDO A TEMPO COMPLETO (PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2020)

Na Casa do Concello de Mondoñedo, sendo as oito e quince horas do día 2 de xullo de 2021, constitúese o Tribunal cualificador do PROCESO DE SELECCIÓN DUN EMPREGO DE CARÁCTER LABORAL TEMPORAL DE AXUDANTE DE ANIMADOR CULTURAL, DEPORTIVO E SOCIAL PARA A COLABORACIÓN NO SERVIZO DE CULTURA, DEPORTE E SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE MONDOÑEDO A TEMPO COMPLETO (PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2020 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO). En primeiro lugar realizase a valoración de méritos, rematando ás 08:35 a sesión.

Na Casa do Concello de Mondoñedo, ese mesmo día ás 08:45 h. previa comprobación da identidade dos candidatos/as, no Salón de Plenos da Casa do Concello, da comezo a proba de oposición, a proba escrita. Solicitaselles aos candidatos/as unha vez rematada a proba escrita, a súa lectura. Conclúe a proba ás 10:15 h.

Preside o acto D. Raúl Benito González-Redondo Ares (Animador Deportivo). A secretaria do tribunal é D.ª María Esther Otero González (Responsable da Oficina de Información Xuvenil) asistindo como vogais D.ª Montserrat López González, (Traballadora Social do Concello), e José Manuel Otero Corral (Axente de Emprego e Desenvolvemento Local). Auséntase por motivos persoais Marta Candocia Acción (Arquitecta dos Servizos Técnicos Municipais).

Realizada en sesión non pública a valoración dos méritos acreditados polos candidatos admitidos segundo o baremo contido nas Bases da Convocatoria (Base Oitava.-Concurso-Oposición: valoración de méritos e proba escrita) obtívose o resultado seguinte:

Apelidos e Nome	DNI	CONCURSO (Máx. 8 ptos)	Oposición Metodoloxía (Máx. 2 ptos)	Oposición Calidade Programación (Máx. 5 ptos)	Oposición Axuste á realidade (Máx. 5 ptos)	TOTAL
GAYOSO RUBAL, ÓSCAR	***8194**	7,75	1,20	2,50	4,10	15,55
FERNÁNDEZ RÍO, ORLANDO	***2061**	2,90	NP	NP	NP	NP

Á vista do resultado da baremación, o Tribunal Cualificador acordou propoñer como aprobado para cubrir o emprego de carácter laboral temporal de Axudante de Animador Cultural, Deportivo e Social para a colaboración nas áreas de Cultura, Deporte e Servizos Sociais do Excmo. Concello de Mondoñedo a tempo completo a **D. ÓSCAR GAYOSO RUBAL** con DNI núm. *****81 94****.

E para que conste, aos efectos oportunos, esténdese a presente acta que en proba da súa conformidade asinan os membros do Tribunal Cualificador, e de todo o que, como secretaria, certifico.



The image shows the official stamp of the Concello de Mondoñedo, which is circular and contains the text "EXCMO. CONCELLO DE MONDOÑEDO" around a central emblem. Overlaid on and around the stamp are three handwritten signatures in blue ink. One signature is large and stylized, another is more compact, and a third is written vertically.